

Platega 2011-2012

Formación a distancia de coordinadores e coordinadoras das tecnoloxías da información e da comunicación en centros educativos.





GUÍA DO CURSO

Formación a distancia de coordinadores e coordinadoras das tecnoloxías da información e da comunicación en centros educativos.

Índice

Descrición do curso.....	3
Persoas titoras.....	3
Obxectivos.....	3
Competencias profesionais do profesorado.....	3
Contidos.....	4
Correlación das competencias básicas cos contidos do curso.....	5
Metodoloxía.....	7
Seguimento e desenvolvemento do curso.....	7
Comunicación coas persoas titoras.....	10
Avaliación.....	10
Aplicación práctica nas aulas.....	10
Requisitos para seguir o curso.....	11

Descrición do curso

Benvidos e Benvidas a este curso. O curso está encamiñado a orientar e asesorar as persoas coordinadoras e dinamizadoras das TIC nos centros educativos de primaria e secundaria nas distintas funcións que están a asumir para impulsar a dinamización e integración dos recursos TIC nos procesos e actividades didácticas. Para isto, valerémonos de **9 módulos** de contidos formativos que, sendo diversos, constitúen unha idea unitaria. O curso está programado para **30 horas** de formación certificada. Para acadar os obxectivos do curso, valerémonos dun centro educativo virtual, o IES do Xilgueiro, onde o seu coordinador TIC, Brais, terá que ir superando distintas problemática plantexadas como consecuencia do traballo coas TIC.


Persoas titoras



José Luis Rojas Alonso

Profesor de Informática-
Coordinador TIC

IES de Rodeira – Cangas -



Juan Antonio Graña
Rodríguez

Profesor de Primaria -
Coordinador TIC

CEIP Escultor Acuña - Vigo-

Obxectivos

Ao remate deste curso preténdese que as persoas participantes sexan quen de:

- Coñecer estratexias básicas para a dinamización TIC do seu centro educativo.
- Deseñar e avaliar un plan TIC viable e realista no seu centro educativo.
- Coñecer a filosofía da “ Escuela 2.0” e as boas prácticas TIC asociadas.
- Elaborar pequenas propostas e actividades de aula empregando recursos TIC.
- Empregar a potencialidade de Internet como medio didáctico.
- Aproveitar os recursos TIC existentes no seu centro educativo para ofertar novas vías metodolóxicas ao profesorado.
- Ser capaz de adoptar medidas para a resolución de problemas básicos vinculados aos recursos TIC.

Competencias profesionais do profesorado

Basicamente pódense englobar nos seguintes apartados as competencias docentes que se queren impulsar a través deste curso:

- 1- Deseñar estratexias para coordinar e elaborar proxectos vencellados ás novas tecnoloxías, ao traballo colaborativo e a innovación metodolóxica.
- 2- Promover o emprego das TIC dentro do traballo diario da actividade docente.
- 3- Coñecer o estado actual da integración TIC e das boas prácticas desenvolvidas pola comunidade educativa para promover iniciativas semellantes.

- 4- Resolver incidencias básicas das infraestruturas e recursos TIC dos centros.
- 5- Obter un coñecemento sobre a procura, emprego e reutilización de recursos multimedia existente en Internet e as condicións legais de uso.

Contidos

Os contidos do curso están divididos en 8 módulos formativos, que se poden apreciar con detalle na seguinte táboa e unha proposta final de traballo:

Módulos de contidos	Resumo dos contidos
Presentación	Neste apartado coméntanse diversos aspectos da organización xeral do curso, estrutura didáctica e os foros de novas e de presentación.
Módulo 1 COMPETENCIA TIC E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN	Realizaremos un percorrido dende a sociedade da información ata a competencia dixital e do tratamento da información en ámbitos educativos, pasando pola elaboración do Plan TIC e finalizando nas propostas educativas e metodolóxicas da denominada “Escuela 2.0”.
Módulo 2 INTEGRACIÓN DIDÁCTICA DAS TIC	Coñeceremos, avaliaremos e deseñaremos propostas concretas de emprego das ferramentas TIC para impulsar actividades ou proxectos de aula. Falaremos de blogs, wikis e sites para impulsar actividades didácticas.
Módulo 3 UTILIZACIÓN DE FERRAMENTAS E APLICACIÓNS EN INTERNET COMO MEDIO DE TRABAJO COLABORATIVO	Navegaremos por diferentes propostas de aplicacións web 2.0, como Google Docs, e realizaremos actividades aproveitando o seu potencial para o traballo colaborativo e de interrelación.
Módulo 4 O PROXECTO ABALAR: INTEGRACIÓN DE ELEMENTOS DAS AULAS ABALAR	Amosaremos as características básicas do proxecto Abalar e deseñaremos propostas de intervención para a dinamización de actividades ligadas ao equipamento Abalar.
Módulo 5 OS DEREITOS DE AUTOR E A PROPIEDAD INTELECTUAL. REPERCUSIÓNS NOS ÁMBITOS EDUCATIVOS	Aclararemos conceptos básicos e necesarios sobre a propiedade intelectual e as licenzas de uso reservado (copyright) e de uso compartido (copyleft), e especificamente das licenzas Creative Commons.
Módulo 6 CATALOGACIÓN E ANÁLISE DE MATERIAL MULTIMEDIA NA REDE	Indagaremos sobre distintas fontes para a busca, catalogación e uso de material multimedia para uso educativo en portais institucionais e educativos e practicaremos con algún programa de referencia actual como Delicious ou Symbaloo.

Módulo 7 A REDE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Analizaremos a infraestrutura da Consellería de Educación en materia TIC e solucionaremos cuestións derivadas da función de coordinador TIC e Abalar.
Módulo 8 ADMINISTRACIÓN BÁSICA DOS RECURSOS TIC DOS CENTROS EDUCATIVOS	Partiremos, neste módulo, de situacións-problemas que se dan nos centros educativos no referente a infraestrutura e medios TIC e proporemos alternativas de solución aos mesmos.
Módulo final 9 PROPOSTA FINAL DE TRABALLO	Remataremos este curso cunha tarefa global na que áreas curriculares, metodoloxía didáctica e recursos TIC se integren nunha única proposta de ensino e aprendizaxe.

Correlación das competencias básicas cos contidos do curso

O traballo nos distintos bloques axudará aos participantes a elaborar estratexias e actividades para desenvolver no alumnado as diferentes competencias básicas e mesmamente aumentar as competencias básicas no profesorado. A competencia no tratamento na información e a competencia dixital (TICD) está presente en tódolos módulos e serve de competencia transversal na consecución e desenvolvemento das competencias restantes (competencia matemática, competencia en comunicación lingüística, competencia no coñecemento e interacción co mundo físico, competencia social e cidadá, competencia de aprender a aprender, competencia cultural e artística, autonomía e iniciativa persoal) mediante as propostas de actividades que se presentan. Os bloques de contidos están asociados do seguinte xeito ao logro das competencias básicas.

Módulos de contidos	Competencias básicas
Módulo 1 COMPETENCIA TIC E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN	Realizaremos un percorrido dende a sociedade da información ata a competencia dixital e do tratamento da información en ámbitos educativos, pasando pola elaboración do Plan TIC. <i>O traballo neste módulo axudará ao desenvolvemento da competencia TICD, da competencia social e cidadá e a competencia de aprender a aprender.</i>
Módulo 2 INTEGRACIÓN DIDÁCTICA DAS TIC	Coñeceremos, avaliaremos e deseñaremos propostas concretas de emprego das ferramentas TIC para impulsar actividades ou proxectos de aula. <i>O traballo neste módulo axudará ao desenvolvemento da competencia TICD, da competencia social e cidadá, da competencia de aprender a aprender e da competencia en autonomía e iniciativa persoal.</i>



Módulo 3 UTILIZACIÓN DE FERRAMENTAS E APLICACIÓNS EN INTERNET COMO MEDIO DE TRABALLO COLABORATIVO	Navegaremos por diferentes propostas de aplicacións web 2.0 e realizaremos actividades aproveitando o seu potencial colaborativo e de interrelación. <i>O traballo neste módulo axudará ao desenvolvemento da competencia TICD, da competencia social e cidadá, da competencia de aprender a aprender e da competencia en autonomía e iniciativa persoal.</i>
Módulo 4 O PROXECTO ABALAR: INTEGRACIÓN DE ELEMENTOS DAS AULAS ABALAR	Amosaremos as características básicas do proxecto Abalar e deseñaremos propostas de intervención para a dinamización de actividades ligadas ao equipamento Abalar. <i>O traballo neste módulo axudará ao desenvolvemento da competencia TICD, da competencia social e cidadá, da competencia de aprender a aprender e da competencia en autonomía e iniciativa persoal.</i>
Módulo 5 OS DEREITOS DE AUTOR E A PROPIEDADE INTELECTUAL. REPERCUSIÓNS NOS ÁMBITOS EDUCATIVOS	Aclararemos conceptos básicos e necesarios sobre a propiedade intelectual e as licenzas de uso reservado (copyright) e de uso compartido (copyleft). <i>O traballo neste módulo axudará ao desenvolvemento da competencia TICD, da competencia social e cidadá, da competencia de aprender a aprender e da competencia en autonomía e iniciativa persoal.</i>
Módulo 6 CATALOGACIÓN E ANÁLISE DE MATERIAL MULTIMEDIA NA REDE	Indagaremos sobre distintas fontes para a busca, catalogación e uso de material multimedia para uso educativo e practicaremos con algún programa de referencia actual como Delicious ou Symbaloo. <i>O traballo neste módulo axudará ao desenvolvemento da competencia TICD, da competencia social e cidadá, da competencia de aprender a aprender e da competencia en autonomía e iniciativa persoal.</i>
Módulo 7 A REDE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	Analizaremos a infraestrutura da Consellería de Educación en materia TIC e solucionaremos cuestións derivadas da función de coordinador TIC e Abalar. <i>O traballo neste módulo axudará ao desenvolvemento da competencia TICD, da competencia social e cidadá, da competencia de aprender a aprender e da competencia en autonomía e iniciativa persoal.</i>
Módulo 8 ADMINISTRACIÓN BÁSICA DOS RECURSOS TIC DOS CENTROS EDUCATIVOS	Partiremos, neste módulo, de situacións-problemas que se dan nos centros educativos no referente a infraestrutura e medios TIC e proporemos alternativas de solución aos mesmos. <i>O traballo neste módulo axudará ao desenvolvemento da competencia TICD, da competencia social e cidadá, da competencia de aprender a aprender e da competencia en autonomía e iniciativa persoal.</i>

Metodoloxía

A ensinanza a distancia vai asociada a unha metodoloxía que ten como criterios diferenciadores:

- a **flexibilidade** na realización das tarefas, elaborando un calendario de traballo personalizado;
- a **investigación guiada**, seguindo as propostas das persoas titoras e
- a **aprendizaxe en rede** na que a través das ferramentas como foros ou chats fomentárase o traballo colaborativo.

É moi importante comprender que, aínda sendo unha modalidade para respetar o ritmo de aprendizaxe persoal e as posibilidades temporais, ten que ter unha dedicación organizada. Neste curso de 30 horas propoñemos unha metodoloxía baseada no descubrimento guiado na que, a través dun coordinador virtual (Brais), teredes que ir solventando situacións- problemas habituais na dinamización TIC nos centros educativos tendo de soporte diversa documentación de apoio. O curso está composto de 8 módulos de traballo co seguinte esquema:

- **problemática plantexada no centro educativo (IES do Xilgueiro)**
- **propostas de solucións realizadas polo coordinador TIC (Brais)**
- **elección e elaboración dunha proposta viable (Brais)**
- **documentación de apoio**

O alumno deberá presentar ao final dos módulos unha tarefa para solventar a situación previamente plantexada. **Haberá en cada módulo unha actividade obrigatoria** que será obxecto de avaliación e unhas actividades complementarias de carácter voluntario que axudarán a profundizar nos contidos dos módulos. **Para cada módulo se habilitará un foro** de comunicación global onde os titores e o participantes teremos un punto de encontro para plantexar dúbidas, solicitar colaboración e expoñer opinións sobre os contidos do curso.

Seguimento e desenvolvemento do curso

Neste apartado explícase a temporalización do curso, o tempo estimado de dedicación a cada módulo e as actividades a elaborar en cada un deles. Lembra que haberá unha actividade obrigatoria en cada módulo e outras de carácter opcional. **A elaboración das actividades obrigatorias e a súa avaliación positiva é requisito indispensable para superar o curso e acadar a certificación.**

As datas do curso son as seguintes:
• Inicio do curso: 6 de outubro de 2011
• Fin do curso: 16 de decembro de 2011

Seguindo estas datas disporíades de 10 semanas para a realización do curso. Adecuar, na medida do posible, as vosas posibilidades ao desenvolvemento do curso.



CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

Modulo Inicial - PRESENTACIÓN E GUÍA DIDÁCTICA DO CURSO- (1 hora)

Nº	Actividade	Datas
1	Lectura da guía didáctica e os apartados do módulo	Dispoñible a partires do 6 de outubro de 2011
2	Presentación no foro (Actividade obrigatoria)	Ata o 16 de outubro
3	Mensaxe aos titores por correo interno (Actividade voluntaria)	

Modulo 1 -COMPETENCIA TIC E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN -(3 horas)

Nº	Actividade	Datas
1	Problemática plantexada 1 e posibles solucións	Dispoñible a partires do 6 de outubro de 2011
2	Entrega da proposta de traballo: Avaliación DAFO dun Plan TIC de centro educativo (Actividade obrigatoria)	23 de outubro
3	Lectura e entrada na wiki (Actividade voluntaria)	

Modulo 2- INTEGRACIÓN DIDÁCTICA DAS TIC- (4 horas)

Nº	Actividade	Datas
1	Problemática plantexada 2 e posibles solucións	Dispoñible a partires do 13 de outubro de 2011
2	Entrega da proposta de traballo: Creación dunha site educativa (Actividade obrigatoria)	30 de outubro

Modulo 3 - UTILIZACIÓN DE FERRAMENTAS E APLICACIÓNS EN INTERNET COMO MEDIO DE TRABAJO-COLABORATIVO (4 horas)

Nº	Actividade	Datas
1	Problemática plantexada 3 e posibles solucións	Dispoñible a partires do 20 de outubro de 2011
2	Entrega da proposta de traballo: Elaboración dunha proposta de ensino aprendizaxe con Google Docs (Actividade obrigatoria)	6 de novembro

Modulo 4 - O PROXECTO ABALAR: INTEGRACIÓN DE ELEMENTOS DAS AULAS ABALAR -(3 horas)

Nº	Actividade	Datas
1	Problemática plantexada 3 e posibles solucións	Dispoñible a partires do 24 de outubro de 2011
2	Entrega da proposta de traballo : Deseño dun Plan de Acollida do Proxecto Abalar (Actividade obrigatoria)	13 de novembro



3	Actividade opcional: rexistro nunha rede social educativa (Actividade voluntaria)	
Modulo 5 -OS DEREITOS DE AUTOR E A PROPIEDAD INTELECTUAL. REPERCUSIÓNS NOS ÁMBITOS EDUCATIVOS- (2 horas)		
Nº	Actividade	Datas
1	Problemática plantexada 5 e posibles solucións	Dispoñible a partires do 7 de novembro de 2011
2	Entrega da proposta de traballo: Publicar respetando os dereitos e licenzas de autor. (Actividade obrigatoria)	22 de novembro
Modulo 6 - CATALOGACIÓN E ANÁLISE DE MATERIAL MULTIMEDIA NA REDE- (4 horas)		
Nº	Actividade	Datas
1	Problemática plantexada 6 e posibles solucións	Dispoñible a partires do 14 de novembro de 2011
2	Entrega da proposta de traballo : Catalogar recursos educativos en Delicious. (Actividade obrigatoria)	27 de novembro
Modulo 7 - A REDE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA -(2 horas)		
Nº	Actividade	Datas
1	Problemática plantexada 7 e posibles solucións	Dispoñible a partires do 21 de novembro de 2011
2	Entrega da proposta de traballo: Realizar probas de conectividade da rede do centro. (Actividade obrigatoria)	4 de decembro
Modulo 8 -ADMINISTRACIÓN BÁSICA DOS RECURSOS TIC DOS CENTROS EDUCATIVOS- (4 horas)		
Nº	Actividade	Datas
1	Problemática plantexada 8 e posibles solucións	Dispoñible a partires do 28 de novembro de 2011
2	Entrega da proposta de traballo: resolver un caso práctico sobre recursos TIC. (Actividade obrigatoria)	9 de decembro
Modulo 9- PROPOSTA FINAL DE TRABALLO- (3horas)		
Nº	Actividade	Datas
1	Proposta integrada de actividade TIC	Dispoñible a partires do 28 de novembro de 2011
2	Entrega da proposta de traballo	16 de decembro

Comunicación coas persoas titoras

Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debemos facer é presentarnos á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparedes en todos os cursos no primeiro módulo un Foro de presentación de participantes.



Esta primeira mensaxe servirá de presentación tanto co resto da comunidade de aprendizaxe, coma cos titores e titoras do curso.

Existen varias opcións de comunicación co seu titor:

- ➔ A través dos foros existentes en cada curso, por exemplo, o foro do módulo ou foro de avisos e anuncios. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as súas intervencións no foro ou *posts*.
- ➔ A través do sistema de mensaxería interna da plataforma tamén coñecido como Chat. As mensaxes enviadas por este medio son privados entre vostede e o seu comunicante, xa sexa o titor ou calquera outro participante.

Avaliación

O curso está deseñado en oito módulos de contidos e unha proposta final de traballo . O criterio básico para acadar unha avaliación positiva final que outorga dereito á certificación é:

- 1. Ter avaliadas de xeito positivo oito (8) das nove (9) actividades propostas como obrigatorias polos tirores do curso.**

A maiores valorarase o cumprimento dos seguintes criterios:

- 2. Participar nos foros, chats e actividades interactivas do curso.**
- 3. Realizar as actividades dos diferentes módulos propostas como voluntarias.**

Na avaliación das actividades será criterio preferente o proceso de traballo realizado, buscando que a avaliación do proceso sexa máis importante que a avaliación do produto (tarefa).

Aplicación práctica nas aulas

O obxectivo xeral do curso, como se comentou dende o principio, é presentar propostas de intervención organizativa e didáctica que axuden a implementar, difundir e aplicar modelos de actividades TIC nos procesos educativos. Todas as tarefas propostas teñen a intención de ter aplicabilidade directa e repercusión sobre o traballo docente e de coordinación TIC. A modo de resumen no cadro seguinte pódese observar as actividades a desenvolver en cada módulo:

Módulo 1	Elaboración dun Plan TIC de centro
Módulo 2	Deseñar un espazo web como complemento de área curricular
Módulo 3	Elaborar cuestionarios online para xestionar o traballo docente

Módulo 4	Deseñar plans básicos para organizar proxectos TIC
Módulo 5	Investigar sobre o uso de recursos de Internet
Módulo 6	Aproveitar o potencial informativo e educativo e Internet
Módulo 7	Organizar os recursos TIC do centro
Módulo 8	Solventar problemas de xestión cos recursos TIC
Módulo 9	Desenvolver unha tarefa de traballo coas TIC integrado nas programacións de aula

Requirimentos para seguir o curso

Para a realización deste curso é necesario:

- ter un equipo de sobremesa ou portátil con acceso a Internet para acceder a PLATEGA.
- dispor dun navegador actualizado (Firefox 3.5 ou Internet Explorer 7).
- ter unha conta de correo en Gmail

Calquera dúbida será solventada polos titores nos foros ou por correo electrónico.

Recíbide un cordial saúdo.